

ΙΣΤΟΡΙΑ  
ΤΗΣ  
ΠΑΛΑΙΑΣ  
ΕΛΛΑΔΟΣ  
Γ'

HISTORIA DA GRECIA  
ANTIGA (III)

# ÉPOCA HELENÍSTICA

(S. IV-I a.C.)




**Alexandre Magno** morreu sen designar sucesor, e por iso os seus xenerais (chamados os "Diádocos") enleáronse nunha longa serie de guerras para facerse coa maior cota de poder posible. Eses conflitos foron continuados polos seus fillos (os "Epígonos") ata o ano 280 a.C. A consecuencia foi a división do Imperio de Alexandre nunha serie de monarquías, chamadas helenísticas pola presenza nelas da cultura grega, que se fusionou, exercendo un maior ou menor predominio, coas culturas autóctonas de cada territorio




Así, a civilización grega expandiuse moito, pero a forza política e militar dos estados helenísticos foise diluíndo pouco a pouco.

Na Grecia Continental producíronse intentos de librarse do dominio macedónico mediante a asociación de cidades nas chamadas "Ligas": as máis importantes foron a Etolia (ó norte) e a Aquea (no Peloponeso, coa excepción de Esparta). Con todo, Macedonia mantivo a súa hexemonía ata o ano 197 a.C. Roma, en vinganza por apoiar a Cartago na II Guerra Púnica, organizou unha expedición de castigo contra Filipo V, a quen derrotou na batalla de Cinoscéfalos. As cidades gregas recobraron a súa antiga liberdade, a condición de que non loitasen entre elas




A cidade de Siracusa, en Sicilia, foi unha potencia importante na Magna Grecia a finais do s. IV e principios do III a.C. O seu dirixente Agatocles conseguiu expulsar os cartaxineses da metade occidental da illa, e foi quen de combater a Cartago no seu propio terreo, o norte de África. Con iso logrou unha forza política e militar que utilizou para exercer influencia no sur de Italia, ata que foi conquistada por Roma ó final da I Guerra Púnica (241 a.C.). Durante a II Guerra Púnica, Siracusa púxose do lado de Cartago, e acabou sendo tomada e saqueada polos romanos, momento no que morreu o grande enxeñeiro e físico Arquímedes.

A independencia das cidades da Magna Grecia non ía durar moito, pois Roma, cara a mediados do s. III a.C., deunas conquistado todas



Aproveitando a III Guerra Púnica, mentres Roma estaba de novo ocupada con Cartago, Macedonia rebelouse; os romanos vencérona e declarárona provincia no ano 148 a.C.

Ó ver a desaparición do seu antigo dominador macedónico, as cidades da Liga Aquea atacaron Esparta, e Roma interveiu. En 146 a.C. un exército romano tomou Corinto, matando a todos os homes e escravizando as mulleres e os nenos. Co permiso romano, as cidades helenas mantiveron unha aparente independencia, ata que en 27 a.C. Augusto as declarou provincia romana, co nome de Acaia





En Asia Menor e Oriente Medio prosperaron durante certo tempo o Reino de Pérgamo e o Imperio Seléucida.

O primeiro tivo a súa capital en Pérgamo, que se converteu nun importante centro cultural. O seu rei Atalo II legou por testamento o reino a Roma en 133 a.C. O Seléucida foi un Imperio de breve duración, que abranguíu a maior parte dos actuais Siria, Iraq e Irán. Pouco a pouco, foise desmembrando, e máis ou menos o que hoxe coñecemos como Siria foi incorporado ó Imperio Romano en 64 a.C. O resto formou parte dun renacido Imperio Persa (chamado agora Reino Parto)



O de máis éxito dos reinos helenísticos foi o Exipto dos Ptolomeos. Esta dinastía estableceu a súa capital en Alexandría, que se converteu co tempo na segunda cidade en importancia do Mundo Antigo (tras Roma). Alí tiña a súa sede o Museo, un gran centro intelectual no que traballaron grandes especialistas en ciencias e artes.

Os Ptolomeos crearon un reino que combinaba as tradicións do Antigo Exipto coa súa propia herdanza grega. Conservaron a súa independencia ata que a raíña Cleopatra VII se implicou na política romana a finais do s. I a.C. Na guerra civil entre Marco Antonio e Octavio César tomou partido polo primeiro, que foi vencido. En 30 a.C. Exipto pasou a ser provincia romana



Hiparco

Aristarco

Eratóstenes

Euclides



# GRECIA ROMANA

(S. I a.C. - V d. C.)



**Durante o dominio romano, Grecia mantivo a súa posición de prestixio cultural e científico: continuaron xurdindo figuras como o astrónomo Claudio Ptolomeo ou o médico Galeno.**

**A metade oriental do Imperio Romano falaba grego, e o cristianismo, que sería un factor decisivo no final do Mundo Antigo, comezou a súa expansión nesa zona.**

**En 285 o Emperador Diocleciano dividiu en dúas partes o Imperio. En 330 Constantino I establece a súa capital en Bizancio, chamada desde entón Constantinopla, e a partir de 395 a separación foi definitiva. Coa desaparición do Imperio Romano de Occidente en 476, a zona oriental mantívose como Imperio Romano de Oriente ou Imperio Bizantino**

# IMPERIO BIZANTINO

(S. V-XV d. C.)



Logo dun breve momento de esplendor baixo o Emperador Xustiniano I, que soñou con recuperar o Imperio de Occidente no s. VI, o Imperio Bizantino foi perdendo pouco a pouco territorios, sobre todo debido á consolidación dos reinos xermánicos en Europa, unha nova reconstitución do Imperio Persa (chamado Sasánida), e a expansión musulmana.

No s. VII os dominios de Bizancio limitábanse xa á Grecia Continental, parte de Asia Menor, Sicilia e unha franxa da costa africana.

A partir do s. XI a nova potencia dos turcos otománs, convertidos ó Islam, íría minando paseniñamente o poder de Bizancio: perdeu todos os seus territorios ata a definitiva conquista de Constantinopla en 1453